

MANUEL LUGRÍS FREIRE, GRAMÁTICO

XOSÉ MANUEL SÁNCHEZ REI
Universidade da Coruña

1. Introdución

Nun traballo anterior (Sánchez Rei 2005) sinalabamos os trazos xerais das gramáticas galegas no seu conxunto, isto é, a comezarmos polas obras do século XIX e concluíndo coas últimas achegas, pertencentes xa á centuria actual. Naquela ocasión, aínda lle concedendo, loxicamente, certa atención á *Gramática do idioma galego* (1922, 1931) de Manuel Lugrís Freire, non podiamos considerala, por motivos obvios, o núcleo central das nosas reflexións. Porén, agora, mercé ao xentil convite feito por parte das persoas responsábeis da organización deste simposio, resulta pertinente, no ano da celebración do *Día das Letras* de 2006 consagrado ao intelectual e polígrafo mariñán, reflectirmos algo máis pormenorizadamente na súa faceta como gramático e na validez, pretensións e características xerais desa obra, primeira publicada en galego, se exceptuarmos o *Compendio de gramática galega*¹ de R. A. (1919), siglas do pseudónimo Ramón Alvariño utilizado por Leandro Carré Alvarellos.

1 Repárese en que, como o seu título indica (*Compendio...*), esta obriña non pretende ser unha gramática ao uso. Trátase, en definitiva, dunhas cantas anotacións (moito elementares para as persoas lectoras de hoxe en día e algunas delas más ou menos acertadas) sobre certos aspectos gramaticais do galego. Desta forma, o traballo de Lugrís Freire “durante décadas foi a única gramática escrita en galego á disposición do público” (Rabuñal 2006: 71).

Antes de máis, non parece desimportante notarmos que a obra de Manuel Lugrís Freire é debedora, fundamentalmente, do seu tempo, uns anos certamente singulares para o desenvolvemento social, cultural e político da Galiza, que chegan mesmo ao presente: esa época anterior á Guerra Civil corresponde largamente ao esperanzador tempo das Irmandades da Fala, do Partido Galeguista, da Xeración Nós, da proxeción e consecución política parcelar dos ideais do nacionalismo galego etc². Neste sentido, o autor da *Gramática* que nos ocupa foi una persoa interesada pola lingua e polo país, así como tamén un roburento defensor dos sinais identitarios do pobo galego e un destacado axente no proceso de dignificación do idioma.

Xustamente, e antes de nos adentrarmos nalgúns aspectos relativos ao seu traballo como gramático, gostaríamos de verificar esta afirmación mediante un ilustrativo texto que reivindica a condición do galego como entidade lingüística diferenciada relativamente ao español. Durante o decembrar do século XIX e os inicios da centuria seguinte, non faltaron voces que pensaban que non podería ser tildado de “lingua” ou de “idioma”, de forma que a denominación “dialecto” resultou ser bastante habitual, até para tratar de solucionar a inexacta ecuación herdada dos séculos anteriores *estado-lingua vs. provincia-dialecto*. A este respecto, e áinda que xa en 1876 Juan Antonio Saco Arce disertara, eclecticamente, á volta de que o galego tiña a tripla adscrición de lingua, de idioma e de dialecto no rotativo dirixido por Valentín Lamas Carvajal *El Heraldo Gallego* (véxase Hermida 1992: 113-116), Lugrís Freire, primeiro en 1885 no rotativo da Habana *A Gaita Gallega* e despois en 1894 na súa obra *Soiedades*, publicou un interesante artigo intitulado “A fala gallega”. Pensamos que a súa posición no referente a ese debate non ofrece ningún tipo de dúbidas ou hesitacions face a aqueles que, segundo dixemos, nos anos finais do XIX e durante unha boa parte do seguinte século se empeñaron en reducir a condición do galego a un rango equivalente ao dunha variedade dialectal do español; eis un execerto do texto:

Solamente unha crítica cega e douda; solamente algús que acostuman á ver n-o gallego unha fala sin regras, porque non ll'as estudiaron, poden cobizar saca-lo d'unha categoría á que tén direito. *Idioma* lle chama ó gallego Balaguer, *idioma* lle chama repetidas veces Balaguer, e nosoutros, os que o falamos, temol-a costume de chamarlle decote *dialeuto!* [...]. Quede, pois, por sabido que a nosa fala é un idioma, pro un idioma d'abolengo e tradiciós craras e ben definidas (*AGA* 5, 2).

2 A este respecto, Fernández Salgado (2000: 125) refírese atinadamente aos traballos gramaticais dados a lume na altura como “as gramáticas do período ‘Nós’” que “apareceron nun momento de espertar nacionalista e de renovado auxe da actividade literaria na lingua vernácula”.

Após esta explícita citación, e tornando á *Gramática*, o traballo de Lugrís merece igualmente ser ponderado por dar mostras dunha vontade de reflexión, de preocupación e de esperanzas de futuro para un idioma, o galego, que recobrara a súa condición de lingua escrita habida menos dun século. Tórnase preciso, por tanto, contextualizarmos a *Gramática* de Lugrís Freire no marco da tradición grammatical galega, unha tradición serodia se comparada con outras realidades lingüísticas e nacionais, como máis un paso na vontade de dignificación e de rexeneración da lingua, moito na liña do fragmento tirado d'*A Gaita Gallega*.

2. A época: a débeda con Saco Arce

Cando Lugrís publica a súa *Gramática*, no primeiro terzo do século XX, a única obra de similares características dotada de rigor científico era o traballo de Saco Arce (1868), texto que, durante moito tempo, serviu como fonte a diversos eruditos e romanistas para se aproximaren do idioma galego. Notemos que a pegada do clérigo ourensán se deixa explicitamente ver, por exemplo, nos apuntamentos en rodapé que Pérez Ballesteros inclúe no seu *Cancionero popular gallego* de 1885-1886³, así como tamén nos traballos de Joseph Cornu⁴ á volta da nosa lingua, na singular e case dilectante obra de Santiago Gómez (1918)⁵ ou mesmo nas impresións sobre o galego de José Leite de Vasconcellos⁶.

3 Nótese, por exemplo, a seguinte afirmación, alicerzada na coñecida división de Saco Arce entre unha modalidade de galego meridional e unha outra sentetrial: “Una de las diferencias que separan los sub-dialectos gallegos es la *n* en lugar de la *u*. El sub-dialecto septentrional dice *hirmán*, *man*, *chan*, y los plurales en *uns*, *cans*; mientras que el meridional prefiere decir *hirmau*, *mau*, *chau* ó *chao*, *us*, *cas*” (*CPG I*, 38, n. 1)

4 Resulta revelador, así, que o apéndice de J. Cornu á súa obra *Grammatik der Portugiesischen Sprache*, dedicado ao galego e publicado en varios números do *Boletín de la Real Academia Gallega* ao longo de 1906, se basease precisamente na *Gramática gallega* de Saco Arce; así o declara o investigador alemán, mercé á tradución que fixo da súa obra Fernando Martínez Morás: “he tenido en cuenta la excelente *Gramática Gallega* de Juan A. Saco Arce, publicada en Lugo en 1868” (Cornu 1906: 7).

5 Véxanse, poñamos por caso, os comentarios sobre a diversidade dialectal do galego, notablemente inspirados no texto de Saco Arce ao distinguir máis unha vez, conforme xa fixera Pérez Ballesteros, entre unha variedade norteña e unha outra sureña (Santiago Gómez 1918: 267-272).

6 Así, por exemplo, a falar dunha presumible existencia no portugués dialectal e popular sentetrial dun dativo non argumental, moito próximo do de solidariedade galego, Vasconcellos (1928: 334) non hesita en confrontar ese fenómeno coa obra do relixioso ourensán: “Na frase ‘fui-che a

Neste sentido, as reflexións gramaticais de Lugrís Freire non constitúen unha excepción e a súa débeda con Saco Arce é notábel, como, en maior ou en menor medida, tamén o eran outros traballos da época, segundo acabamos de ver⁷; a este respecto, Carballo Calero (1979: 34) ou Santamarina (1974: 194) ponderan esa pretesía en termos pouco ou nada favorábeis para o autor das Mariñas, e, certamente, non andan escasos de razóns. Con todo, non se podendo negar esa clara dependencia, a presumíbel vontade de Lugrís Freire era mellorar o texto de Saco Arce, áinda que, na realidade, non o dese conseguido ou, polo menos, non na medida en que o pretendía; no prólogo xa deixá claro como entende o famoso estudo de 1868, ou sexa, como un traballo válido para o outono decimonónico, mais pouco útil para a realidade social, cultural e política da época anterior á Guerra Civil⁸:

Ben sei a responsabilidade que sobre de míñ botei; non iñoro que a crítica tén de fincar o seu dente neste libro. Sô teño unha disculpa, esta: levamos moitos anos agardando por unha *Gramática do Idioma*, e como non aparecía por ningures, eu adiquei os poucos momentos de vagar para a facer. E fixena, pondo sempre o pensamento e os pulos do meu corazón na nobre causa da rexeneración e melloramento da Terra.

Nin a meritíssima “Gramática Gallega” de Saco Arce, simpremente dialectal, escrita n-un tempo en que a nosa literatura non acadara o desenrollo d'oxe; nin o escelente estudo fonético e morfolóxico de García de Diego na sua “Gramática Histórica”, nin outros traballos mais, satisfan a necesidade que sentíamos d'unha *Gramática sintética do Idioma*, na que poideramos atopar as regras precisas e comprobadas, sobre todo no que abrangue á composición e axuntamento de palabras (“Unhas palabras do autor”, p. VII)⁹.

Melgaço’ (= fui a Melgaço), que ouvi em conversa a alguém de Chaviães, o *che* [...] é dativo ético. Támbem se diz *binche* ou *bin-che*, por *vim*. O mesmo acontece em galego: vid. Saco Arce, *Gramat. gallega*, pág. 165”.

7 Lugrís tamén se basea na autoridade de escritores da literatura galega contemporánea, como Rosalía, Curros, Eduardo Pondal etc., a pesar de que, conforme indica Fernández Costas (2006: 43), “os textos que emprega dos autores resultan abondo escasos”. A este respecto, sinala Fernández Salgado (2000: 138) que os “autores más citados ó longo do libro, tendo en conta os exemplos e os extractos anexados ó final da obra, son Curros [...] e Pondal [...]. O resto son citas de diversos autores que publicaran, na súa maior parte, no século XIX (anque algúns ainda vivían cando saíu a primeira edición)”.

8 Segundo Rabuñal (2006: 70-71), a vontade de Lugrís Freire cando redixe a súa *Gramática* era facer un “guía para o uso do galego” que superase “o dialectalismo e a anarquía”.

9 Non se indicando o contrario, e para non tornar cansativa de máis a lectura destas páxinas, as referencias á obra grammatical de Lugrís Freire corresponden á edición de 1931 e van sinaladas unicamente pola indicación da páxina (“p.”).

Mais a influencia de Saco Arce en Lugrís non se limita, como resulta obvio, a un exercicio de vontade dialéctica de superación ou de melloramento por parte do polígrafo mariñán, tal e como figura no prólogo. Neste sentido, debemos ter presente que o noso autor acode moito frecuentemente ao maxisterio do clérigo de Ourense, como era de feito habitual na altura, para alicerzar as súas impresións ou para asentar o que el consideraba más correcto; un exemplo disto pode ser o seguinte, en que Lugrís Freire se basea nas indicacións de Saco Arce á volta da distinción das vogais de grao medio semiabertas e semifechadas no caso dos presentes do indicativo dos verbos da segunda conjugación, co fonema semiaberto (*el f[“E]nde, ela c[“O]rre*), e do correspondente imperativo, coa vogal semifechada (*f[“e]nde ti, c[“o]rre ti*):

Saco Arce fai observar, ao tratar de desta particularidade, que esta pronunciación pecha fai más garimoso o mandato imperativo, cousa que armoniza cō modo de ser dos galegos, mais incrinado a facer uso do rogo que do mandato asoballante (p. 48).

Apropiámamonos, como conclusión parcial desta influencia de Saco Arce en Lugrís Freire, das palabras de Fernández Salgado (2000: 149) ao constatar que, áinda que o autor das Mariñas bebe en varias fontes, a que máis sacia a súa sede é o manancial do clérigo de Toén:

Se a organización da gramática en tres partes de Lugrís é debedora das gramáticas galegas e portuguesas mencionadas na bibliografía [p. 189], os contidos lingüísticos e o tratamento de cada unha delas están dominados, como en Carré, pola omnipresencia de Saco.

3. Diglosia e lingua

Un outro trazo que se acha na obra de Lugrís Freire é a súa concepción diglósica, produto, como non podía ser doutro xeito, da situación en que se acha(ba) o país. Xa dixemos anteriormente que corresponde a este autor o mérito de redixir a primeira gramática en galego, o que non era práctica habitual nese tempo a termos en conta os antecedentes decimonónicos e as obras coetáneas. A maior parte dos estudos sobre a nosa lingua naquela época non estaba pensada *desde* e *para* o galego, mais desde o español e coas metas científicas marcadas neste mesmo idioma. Tan raro como pode ser hoxe en día unha gramática inglesa pensada para persoas

inglesas embora escrita en xaponés ou en gaélico, incidindo nos aspectos que non coincidiren con estas dúas linguas, era habitual que os traballos de filoloxía galega fosen redixidos no idioma que axía como teito cultural e que se prestase especial atención aos asuntos que non posuían un correlato exacto nese idioma. O discurso gramatical galego foi elaborado en comparación permanente coa lingua foránea, segundo xa poñen de manifesto estes exemplos tirados do século XIX. O primeiro que expomos, de Cuveiro Piñol (1868: 1), encóntrase ao comezo do seu traballo e fala do alfabeto galego e da súas particularidades de pronuncia:

El alfabeto gallego consta de las mismas 28 letras del castellano, cuya pronunciación alfabética es enteramente igual á la de este idioma [sic], con la sola diferencia de que los gallegos las hacen indistintamente masculinas o femeninas, vr. Gr. Un a unha a, etc.

Eis a segunda mostra que escollemos: cunha preparación filolóxica moito superior á de Cuveiro, Saco Arce (1868: 185), a comentar certas particularidades dos verbos con apéndice pronominal, afirma que algunas

oraciones, que en castellano se hacen pasivas con el auxilio del pronombre *se*, pierden en gallego esta palabra usándose sus verbos como neutros. Tales son: Se me olvidó su nombre, *olvidoume*, ó *esqueceume o seu nome*; Ya se me acuerda lo que me dijo, *xa m'acorda o que me dixo*; Se le alivió el dolor, *alivioulle o dôr*; Se le aumentaron los bienes, *aumentáronll'os bês*.

E o terceiro e derradeiro exemplo que traemos a estas páxinas asenta nos apuntamentos feitos para a primeira e a segunda persoas do presente do subxuntivo, máis nunha ocasión co español como pano de fondo con que elaborar a comparación. O texto provén dunhas apendizarias nótulas que Manuel Martínez González adiciona a unha súa colección de poemas:

En la primera y segunda persona del plural del presente de subjuntivo de los verbos irregulares, es casi inalterable la variación del castellano al gallego, como puede advertirse en los siguientes ejemplos [...] (Martínez González 1883: 126).

Cos antecedentes de Cuveiro Piñol, Saco Arce ou Martínez González que vimos de expor, non resulta raro que o traballo de Manuel Lugrís Freire incida tamén nesa continua comparación coa única lingua oficial na altura, práctica mantida até ás

gramáticas dos anos sesenta e setenta, como é o caso das obras de Carré Alvarellos (1966) e de Carballo Calero (1979). O seguinte exemplo, en que se trata a adscrición xenérica de determinados substantivos, ilustra precisamente ese confronto co español, case pondo máis en relevo a falta de correspondencia neses casos coa lingua da Meseta que o comportamento real no galego de tales nomes no referente ao xénero:

Hai moitos nomes que son femeninos en castelán, e na nosa fala son sempre masculinos: a saber: *o costume, o cume, o cal, o celme, o leite, o lume, o couce, o sangue, o mel, o nariz, o vispera, o sal, o cuspe, o berce, o sucre*

Pola contra son sempre femininos en galego: *a arbore = arbre, a color = côr, a fin, a sabor, a ponte, a valor* (p. 25).

4. Vontade prescritiva

Máis unha característica da *Gramática* de Lugrís Freire, e en xeral de toda a tradición filolóxica galega, é a ansia normativista ou prescritivista, de tal forma que ao longo da(s) obra(s) van aparecer frecuentes referencias ao que debe ser utilizado e a aquilo que, polo contrario, o non ten de ser. Isto tórnase lóxico de comprendermos reparando no abandono oficial en que sobrevivía a lingua no momento de saír do prelo a maioría dos estudos, xa que ningún organismo, público ou privado, se ocupara do galego, ao paso que a RAG resultou ser, neses primeiros anos da súa existencia, unha institución pouco útil para tales finalidades. É doadto entendermos, pois, que se fixese necesario contar cun modelo de lingua escrita que puidese servir como guía ou como solución a diversos problemas que ía encontrando a xente que protagonizaba o noso particular “renacemento” literario. A procura dunha lingua adecuada pasaba, en xeral, por a destonar dos españolismos, por seleccionar as variantes más acaídas de entre todas as posibilidades que ofrecían as falas galegas, por a purificar coas achegas da lingua medieval ou do portugués etc. Reflectamos, por tanto, nalgunhas das impresións de Lugrís Freire sobre estes particulares.

4.1. A AMEAZA DO ESPAÑOL

En primeiro lugar, o sentido dessa vontade prescritiva consagrrou o noso escritor a desterrar españolismos da lingua, como exemplifica a seguinte citación, onde se comentan “algunhas particularidades do réxime do verbo”; seguindo, na liña do ex-

posto con anterioridade, os exemplos que expuña en pleno Rexurdimento o ourensán Saco Arce, indica a respecto de certas construcións pronominais o que segue:

Empréganse en galego como intransitivos, en vez da forma refleativa, os verbos cando a sua acción se refere ao suxeto, v. g.: ‘O reló xa *parou*’. ‘O fidalgo de Pazos xa *emprobeceu*’. ‘A roupa xa *exoitou*’. E non deberá dicirse: ‘O fidalgo xa se *emprobeceu*’. ‘O reló xa se *parou*’ (p. 98).

Un outro exemplo da percepción da influencia do español é o que nos ofrecen os seus comentarios sobre as palabras acabadas en *-ade*, proveniente da terminación latina *-tate*, que na altura, como áinda continúa a acontecer na actualidade, coñecen unha variante en *-á*, produto da interferencia allea¹⁰:

Non debe de se facer o plural *irmandas*, *libertás*, porque o singular *irmandá* e *libertá* (forma dialectal e **castellanista**) é unha contraición viciosa da terminación *ade* (p. 23).

Enténdase que a **forma verdadeira** *irmandise*, *caridade*, debe usarse na prosa literaria; mais no verso é moi común, por todolos poetas, ainda polos de primeira liña, usar a forma dialectal *irmandá*, *caridá*, *libertá*, etc. [as negras son nosas] (p. 23, nota en rodapé).

Noutras ocasións, a se guiar pola procura da enxebreira idiomática e polo diferencialismo, incorreu na defensa de trazos de marcada autoctonicidade, mais en

10 A alternancia xa se producía na lingua do século XIX, como o demostran os seguintes comentarios de Saco Arce (1868: 20): “Las [palabras] que en castellano acaban en *d*, ó la pierden en gallego ó le añaden una *e* final. Se dice pues *bondá* o *bondade*, *piedá* ó *piedade*, *verdá* ó *verdade*, *saú* ó *saíde*, *vosté* ó *vostede*, *mercé* ó *mercede*”. Martínez González (1883: 121-122), por súa vez, móstrase partidario en tales casos da solución española, agás alí onde, segundo el, non se opoña ao uso: “La *d* final en los nombres propios debe suprimirse; así Madrid, Universidad, ciudad, etc., deben pronunciarse y escribirse *Madri*, *Universidá*, *cibdá*, etc.; pero en los demás casos, siempre que el uso no se oponga, debe aumentárse una *e*; así bondad, usted, salud, se pronunciarán *bondade*, *vostede*, *salude*, etc.”. Nos *Elementos de Valladares* (1970: 33), no entanto, non se indica ningunha orientación para o emprego dos dous resultados: “Todos los nombres, cuya terminación castellana es *ad*, terminálos el gallego en *á*, ó *ade*. Por ejemplo: *edad* = *edá*, *edade*; *verdad* = *verdá*, *verdade*; *bondad* = *bondá*, *bondade*; *leatad* = *lealtá*, *lealtade*. Los terminados en *ed* mündalos en *é*, ó *ede*, como *merced* = *mercé*, *mercede*; *red* = *ré*, *rede*; *sed* = *sé*, *sede*; *pared* = *paré*, *parede*. Los en *ud*, en *ú* ó *ude*, como *quietud* = *quietú*, *quietude*; *virtud* = *virtú*, *virtude*; *salud* = *salú*, *salude*, ó bien *saú*, *saíde*”. Para máis pormenores do galego deciomónico referido a estas cuestións, véxase tamén Freixeiro Mato / Sánchez Rei / Sanmartín Rei (2005: 259-262).

usos presumivelmente agramaticais. O primeiro terzo do século pasado caracterizouse, n tocante ao modelo lingüístico, pola constante apoloxización de todo aquilo que fose diferencial do español. A este respecto, o tradicional recurso da interpolação pronominal non resultou indiferente para Lugrís Freire, que o contemplou como unha estrutura morfosintáctica marcada positivamente por se non atestar en castelán. Esta procura do autóctone, do enxebre, do xenuíno, foi a causa de que se empregase en casos en que o pronome átono aparece en posición inicial absoluta e, tamén, foi o motivo de que o noso autor se referise á antecitada construcción coas seguintes palabras, ponderando, xunto a estruturas lexítimas ou posíbeis, outras agramaticais, en que o clítico principia indebidamente o período sintáctico:

“Que *me* non queira; o **non vin**; non se foi nin pensa en *se marchar*”. Esto resulta mais conforme cō verdadeiro xeito galego que as formas que adoita empregar as xentes das vilas e moitos escritores dicindo: “Que non *me* queira; **non-o vin**; pensa en non marcharse” [a negra é nosa] (p. 87-88).

4.2. A ESCOLMA DAS VARIANTES DIALECTAIS

En segundo lugar, temos de nos referir, nesa vontade ou orientación prescritiva, á diversidade dialectal do galego e a como, de entre as diferentes variantes lingüísticas, algunas eran consideradas más adecuadas do que outras para un modelo de lingua culta. A proposta de Saco Arce (1868: 231-234) de distinguir entre unha variedade setentrional e outra meridional, xa comentada anteriormente, foi a primeira das tentativas, áinda que moi imprecisa, de clasificar as falas galegas, e foi tamén, segundo vimos, total ou parcialmente assumida por outros estudiosos, como José Pérez Ballesteros ou José de Santiago Gómez. Por súa vez, a información que nos proporciona sobre este particular Lugrís Freire contrasta coas impresións do presbítero ourensán, pois aparecen, en ocasións, algunas referencias de carácter dialectal ao longo do texto centradas más ben en fenomenoloxías concretas, sen incidir na existencia de falares rexionais. Mais, en todo o caso, tal ansia prescritivista e a necesidade de escolma das variedades locais é o que explica o sentido fiscalizante de determinados comentarios, como os seguintes, centrados nos pronomes:

Non é correito escribir *unhos*, porque o singular é un e non *unho*.

O artículo indeterminado decriñase o mesmo que o determinado cō auxilio das preposicións, seguindo a mesma forma *para un*, *para unha* e non *pr'un*, *pr'unha*, que son dialectás (p. 22).

O mesmo grao de imprecisión e de similar proscrición é o que se detecta para a pronuncia da conxunción copulativa *e*, con vogal palatal semiaberta, como un iode ([j]) diante de vogal, ainda que non se identifique esta variante con ningunha área particular; tal fenómeno, ainda hoxe documentábel, é, máis unha ocasión, entendido como unha pronuncia local, á marxe do que debía ser, segundo Lugrís, o galego común: “En certas partes de Galicia, dinantes de palabra que comence con vocal, adoitan pronunciar *i*, de maneira que din “Xan *i*-Antón”. O uso da conxunción *i* é dialectal” (p. 79).

Non faltan casos, polo contrario, en que se nos informa únicamente de que existe máis dunha única posibilidade en certas fenomenoloxías, sen que haxa unha vontade real de condenar algunha das diversas hipóteses. Tal é o que acontece coas regras de formación do plural das palabras acabadas en *-n*, en que o escritor dá conta da existencia do resultado da faixa occidental do país e do das rexións centrais:

Os nomes que finan en *n* fan o plural de duas maneiras: añadindo o *s* ou perden-do o *n* e pondo no seu lugar *s*. Exemplos: *corazón, corazons, ou corazós; pelengrín, pelengrins ou pelegrín; desdén, desdens ou desdés; algún, alguns ou algús* (p. 24).

Hai ocasións en que se acerta a facer corresponder diferentes fenómenos locais coas áreas en que son adoito detectábeis acudindo aos textos medievais. A veracidade que, para o autor, proporcionan as obras escritas en galego antigo permite que tales casos poidan ser considerados dialectalismos, pois non se achán nesas obras. Lugrís Freire, que, como veremos máis abaixo, estea unha boa parte dos seus comentarios lingüísticos na *Crónica troiana*, non hesita en identificar como propias do sur do país certas formas deicticas adverbiais: “As formas *eiquí, ehí, elí, atrais*, non se hachan nos documentos e traballo literarios antigos; son xeitos dialectás, principalmente no sur de Galicia” (p.73).

4.3. AS VARIANTES SOCIAIS

En terceiro lugar, paga a pena nortearmos unhas palabras cara ao que o autor, dentro dessa vontade normativista, percibe como resultados populares, coloquiais ou familiares, pouco ou nada aptos para un modelo de galego culto. A tendencia da lingua popular consistente en vocalizar unha oclusiva velar trabante é sentida nalgúns casos polo polígrafo mariñán como un “ruralismo” con pouca arte. Na verdade, o hábito de plasmar eses resultados na escrita remonta xa á época do Rexurdimento, en que, por vontade diferencialista ou enxebrista, houbo autores que reflectiron tales resultados nas súas obras cunha relativa frecuencia, como se recolle en Freixeiro Mato / Sánchez Rei / Sanmartín Rei (2005: 727). Sexa como for, o comentario

contido na *Gramática do idioma galego* que expomos móstrase totalmente conde-natorio con esas solucións:

Inda que o noso idioma trata de facer *i* do *c* en palabras como *leición, perfei-ción, direito, teito*, non debe desbotarse o son do fonema facultativo *c*, pois en pala-bras e partículas latinas é moi preciso. Resulta un ruralismo de mal gusto dicr *auto* por *acto; perfeito* por *perfeito* ou *perfecto, efecto* por *efecto*, etc. (p. 2).

Por outro lado, quer tamén por diferencialismo, quer pola promoción en exceso dunha característica da lingua oral, no galego de finais do século XIX e dos comezos da centuria seguinte algúns autores abusaron da conversión dos ditongos crecientes en hiatos. Roxelio Lois ou Galo Salinas Rodríguez, por exemplo, son magníficos testemuños desas utilizacións, e non podemos descartar que o seguinte fragmento estivese inspirado, entre outros, nestes dous autores¹¹:

Algúns escritores, querendo galeguizar palabras, escriben *pátreea, cuesteon, fun-cean, etc.* Aconsellamos que non se empregue este xeito bárbaro do troque do *i* en *e* en semellantes voces (p. 4, nota en rodapé).

Outrosí, o coñecido como *-s* adverbial, que se rexistra analoxicamente en cer-tos adverbios (*ontes, por onte; somentes, por somente; etc.*), tamén non suscitou a comprensión do polifacético intelectual das Mariñas, quen non tivo ningún tipo de dúbidas en o identificar como algo, ao seu ver, “incorrecto”:

Os adxetivos trócanse en adverbios de modo pónolle o sufijo *mente*; v. g.: *boamente, malamente, agarimosamente*. Algunhas outras palabras admiten tamén tal sufijo como en *mesmamente, cuasemente*, inda que non convén abusar destes adverbios. A forma *mentes* (*mesmamentes, malamentes*) úsase moi pouco, e desde logo aconsellamos que se desbote o seu emprego por incorrecto (p. 75).

Finalmente, determinadas particularidades das preposicóns, entendidas por Lugrís Freire como rexionalismos, convertérónse, outra volta, en albos das súas críticas, pois carecen, segundo el, de documentación na variedade culta da lingua.

¹¹ Véxanse, sobre este particular, os abondosos casos expostos en Freixeiro Mato / Sánchez Rei / Sanmartín Rei (2005: 724-726) para os textos literarios de finais do século XIX, do tipo *antu-seasmado* (← *entusiasmado*), *emigraceón* (← *emigración*), *enteceón* (← *intención*), *esperéncea* (← *experiencia*), *atenceón* (← *atención*), *uneón* (← *unión*) etc.

Desta forma, lemos na súa *Gramática* que as “formas *sobor* e *sober* son dialectás, e non foron usadas no galego culto” (p. 110).

4.4. AS REFERENCIAS AO PORTUGUÉS

No proceso de elaboración dunha variedade adecuada para todo o tipo de utilizacións e de contextos, a recorrenza ao portugués foi normalmente perspectivada nesa época como unha valiosísima axuda para purificar o galego, pois víase naquel unha modalidade de lingua sen a presión do español ou, cando menos, cunha influencia nimia en confronto coa situación da Galiza. É isto o que explica que autores como Florencio Vaamonde Lores, Ramón Otero Pedrayo, Rafael Dieste, Castelao e moitos outros percibisen esa preciosa axuda e que, subsecuentemente, acudisen a ela para enriqueceren lexical e semanticamente o galego, áinda que cunhas proporcións ben distintas se compararmos uns autores con outros.

Neste sentido, Manuel Lugrís Freire decide en ocasións afastarse desa axuda lusitana. Un exemplo ao respecto é o que temos a repararmos no sufixo *-bel*, que aparece moito frecuentemente nos textos decimonónicos e dos primeiros tempos do século XX como *-bre* (<*-ble*, con rotacismo). O morfema galego-portugués *-bel* ou *-vel* comezou xa en finais do século XIX a ser recuperado¹² e a substituír *-ble*, de moito presumíbel orixe no español, inclusive chegando a coñecer unha rendible utilización no XX e a facer parte, na actualidade, da variedade estándar. Con todo, notemos que, se dependese do escritor das Mariñas, ficaría, cando menos aparentemente, como unha variante condenada e condenábel por foránea, o que en certa medida pode ser entendido con só pensarmos no incipiente estado da lingüística e da filoloxía galegas na altura:

Temos moitos derivados de verbos que finan en *ble* ou *bre*. As dúas terminacións son lexitimas en galego, inda que a segunda en *bre* é a que mellor s'axeita á nosa fala e ao costume consagrado polos bós escritores. Dende logo que a terminación en *bel*, que agora empregan algúns innovadores que deixan as augas galegas polas estranhas, é sinxelamente portuguesa, barbarizada na ortografía (p. 17).

12 Repárese, a este respecto, nos exemplos contidos en Freixeiro Mato / Sánchez Rei / Sanmartín Rei (2005: 687-688), tales como *indescriutibel*, *posibel*, *agradabel*, *inefavel* etc.

Non obstante, non faltan veces en que o portugués vai servir como modelo ao escritor de Sada, segundo se desprende dos seguintes extractos, o primeiro referido á acentuación proparoxítona dos copretéritos e o segundo a dar conta da existencia de variantes na conxugación de determinados verbos:

No pasado imperfeito e no pasado mais que perfeito do modo indicativo, facemos esdrúxulas as formas da primeira e segunda persoa do plural, así decimos *fálabamos*, *falábades*, etc., en lugar de *falabámos*, *falabádes*. Todolos antecedentes recollidos, o uso en gran parte do país polos que ben falan, decíndenos a facelos esdrúxulos (p. 47).

Don Manuel Rodríguez, na gramática da “Crónica Troyana” tamén coloca a tónica na antepenúltima sílaba e no portugués, que neste da prosodia dos verbos marcha paralelamente con nós, faise o mesmo. Adoptamos a forma esdrúxula neste tempo despois de estudo ben e de consultalo con persoas peritas na nosa fala (p. 47, nota en rodapé).

Os verbos *abranguer*, *atinguir*, *tanguer*, teñen etimoloxia contaminada, pois deberan ser *abranxer*, *atinxir*, *tanxer*. Nesta última forma teñen sido usados por algúns escritores, e na lingua portuguesa escribense *abranger*, *atingir*, *tanger*. Poden, pois, empregarse as duas formas, e pol-o mesmo os dous participios (p. 72).

4.5. AS REFERENCIAS Á LINGUA MEDIEVAL

En finais do século XIX comeza a terse coñecemento real do que até daquela era só unha sospeita más ou menos firme, ou, en todo o caso, unha certa intuición, a respecto da existencia dun pasado literario medieval en galego¹³. Eses textos antigos van desenvolver importantes funcións na época final do Rexurdimento e no primeiro cuartel da centuria seguinte por diversos motivos, dos cales podemos salientar os seguintes: (i) lexítiman tanto a lingua canto a literatura en galego; (ii) xustifican a percepción de pertenza a un pasado cultural e literario por parte dos autores e das

13 Para un estudio das reminiscencias medievais en autores decimonónicos, véxase López (1991), estudosos que matiza a información referida aos textos da Idade Media no XIX: “cremos que é necesario senón romper, cando menos relativizar o ‘tópico’ sobre o desconocimento dos cancioneiros na Galiza do século XIX, así como o da ignorancia da tradición literaria precedente. É certo que grande parte dos textos se perderan e que só se mantivo durante longo tempo a ‘memoria’ da existencia dalgunhas obras e autores mais, mesmo en tan limitada esfera, recorreu-se a esa desconocida e moitas veces suposta literatura anterior como argumento histórico lexitimador, primeiro da individualidade galega (Neira de Mosquera), logo xa, timidamente, da literatura contemporánea. Referindo-nos ao coñecimento real dos textos cancioneiris, bastará lembrar a Vesteiro Torres para demostrar que, como mínimo, resulta impreciso falar da súa ignorancia no XIX galego” (López 1991: 93).

autoras; (iii) explican a vontade de continuidade con ese pasado apôs o hiato escrito dos séculos do Galego Medio (XVI-XVIII); (iv) equiparan, no sentir popular, a dignidade do idioma face a outros próximos; (v) incentivan a identificación entre o galego e o portugués; (vi) e, finalmente, serven como referencia ou modelo lingüístico, pois permiten a rexeneración da lingua a respecto da erosión do español.

Non teñen perda, a este respecto, as palabras de Florencio Vaamonde Lores, que, no seu *Resumo de Historia de Galicia*, dado a lume en 1898, fai unha interesante reflexión sobre a honra que merecen os autores medievais, e en especial os que se achaban no *Cancioneiro da Vaticana*:

Así se sabe que tivemos unha brillante prêiade de poetas, sendo seu centro en Compostela, cando corrían para o noso país os días mais gloriosos da sua historia, e os nomes de Payo Gómes Charino, Airas Núñez, Joan Zorro, Bernal de Bonaval, Martin Codas, Estebo Coello, Abril Pérez, Pai da Cana, Pero Annes Martiño, Pero Meogo, Joan Romeu e outros moitos, inorados centos de anos, son hoje honorados como merecen dende a descuberta do Cancioneiro da Vaticana; pois hai cántigas de algúns d'estes trovadores gallegos que son de gran mérito (Vaamonde Lores 1898: 57).

Así pois, a obra de Manuel Lugrís Freire vai ofrecer puntualmente comentarios, en especial referidos á *Crónica troiana*¹⁴, editada por Andrés Martínez Salazar en 1901, nomeadamente no referente a cuestións lingüísticas. Un exemplo nesta liña é o apuntamento feito para os plurais das palabras acabadas en -l, e en particular para os das que terminan en -al,

No galego arcaico, o mesmo na “Crónica Troiana” que en documentos posteriores, vemos que o plural dos [nomes] que acaban en *al* perden o / e se lles añade *es*. Exemplo: *capital, capitaes; vocal, vocaes* (p. 34).

O galego medieval, por outra parte, serve, conforme dicíamos más acima, como un modelo para a lingua da altura, pois o seu grao de españolización, para a percepción de Lugris Freire, era moi menor ou inexistente. Deste modo, opina que o

¹⁴ Aínda que non só, pois tamén se rexistran referencias á *Colección diplomática de Galicia Histórica* (p. 17, nota en rodapé) ou ás cantigas escritas en “galego antigo” (p. 25, nota a pé de páxina). Véxase, neste sentido, a “Bibliografía” (p. 190).

texto da *Crónica troiana* non presenta a influencia allea, o que o fai, aos seus ollos, unha obra de referencia:

Na “Crónica Troyana”, o moimento literario que está limpo de castelanismos, emprégase decotío esta forma [a pasiva], e algunas veces faise oración de pasiva en que o verbo *ser* têm semellanza, senón igualdade, co *estar* (p. 92).

Na lingua escrita do século XIX, igualmente, abrochou xa a polémica entre as persoas partidarias de representaren o encontro da preposición *a* e o artigo *o* dunha maneira gráfica coherente que manteña as dúas unidades, *ao*, ou, polo contrario, dun xeito más congruente coa pronuncia [O], para que foron ensaiadas diversas propostas, tales como ó, ò ou ô¹⁵. A este debate, mantido até á actualiadade e parcialmente solucionado pola recomendación, por parte das *Normas oficiais* en vigor, de representar ese encontro mediante *ao*, non foi indiferente Manuel Lugrís Freire, que, noutra ocasión, acode á lingua antiga para xustificar unha das opcións ortográficas, neste caso para escoller a forma plena no encontro da preposición co artigo masculino: “No galego d'outrora, dende a *Crónica Troyana*, hasta o Padre Sarmiento, e en moitos escritores modernos, os casos dativo e acusativo escribennos *ao, aos, á, ás*, e non ô, ôs, á, ás” (p. 103).

Finalmente, o derradeiro exemplo que imos expor para as referencias á lingua medieval asenta no aproveitamento estilístico que esta favorece para a formación dunha variedade literaria. Así as cousas, con explicacións de índole diafásica (“linguaxe literario”), unidas a xustificacións aínda de uso (“corrente entre o pobo”), e ameideas, aquelas e estas, xunto á significación e á rexeneración xerais para o idioma que facilitan os textos da Idade Media, é como se orienta o seguinte comentario, en que se reclama ás personalidades protagonistas da creación literaria o emprego decidido da convención *ora*:

No galego crásico tñense empregado a convención *ora*, que sería ben poñela de novo en uso no linguaxe literario, sobre todo porque ainda é corrente entre o pobo. Esta convención di o mesmo que *xa*, e resulta mais eufónica (p. 80).

¹⁵ Véxase, a este respecto, Freixeiro Mato / Sánchez Rei / Sanmartín Rei (2005: 184-186), onde se indica unha curiosa opción, practicada por José María Posada, sen dúbida causada por condicionantes da imprensa, consistente en grafar con til de nasalidade (~) a crase cando maiúscula: *Un gato, ben grande ou gata / Borrallento, anque me custe / O ano un pote de papas*.

5. Escasa socialización

Máis unha característica da obra de Lugrís Freire, partillada polos restantes traballos da época e anteriores, é a súa falta de socialización. Así as cousas, ora por o galego non ser lingua oficial do país, coas consecuencias sociais que isto implica (ausencia na administración, no ensino, nos documentos oficiais etc.), ora por ser apenunbrado unicamente como lingua oral e familiar, non se fixo preciso contar cunha descripción da súa fenomenoloxía gramatical praticamente até ás décadas finais do século XX, até porque se non sentía a necesidade de coñecer e estudar unha lingua relegada á oralidade e á coloquialidade ágrafas. As coñecidas e citadas palabras que seguen, tiradas do prólogo de Rosalía de Castro a *Follas Novas* e aplicábeis nun principio ao destinatario natural da súa producción artística, o pobo galego, resultan aplicábeis, aliás, para o público receptor dos diferentes estudos sobre a lingua:

Creerán algúns, que, porque, como digo, tentey falar d'as cousas que se poden chamar homildes, é por que m'esprico n'a nosa lengoa. N'é por eso. As multitudes d'os nosos campos tardarán en lêr estos versos, escritos á causa d'eles, pero só en certo modo pra eles (*FN*, XXVII-XXVIII).

E esas multitudes do noso mundo tradicional en que se conservou a lingua demoraron, efectivamente, moito tempo a teren acceso ás gramáticas e diccionarios galegos. A pesar de existiren obras de recoñecida valía científica no seu tempo, como a de Saco Arce, a maioría dos títulos non contou coa implantación social que precisan os traballos desta índole. Isto non significa, obviamente, que o traballo de Lugrís Freire non fose coñecido nos ambientes ilustrados e galeguistas da época, e unha proba de que foi asaz comentado e até utilizado parece ser o feito de o autor mariñán ser nomeado polas Irmandades como o “Mestre da Fala”; neste sentido, Fernández Costas (2006: 43-44) sinala como se recensiona nas páxinas d'*A Nosa Terra*, cuns cálidos comentarios, a primeira edición da *Gramática*, nun artigo intitulado “Unha obra de gran interés” e publicado no ano 1922:

É a obra de máis utilidade que se poidera haber publicado na nosa lingua, pois sempre foi de necesidade unha boa Gramática galega que fose reollendo e fixando a progresiva evolución do noso idioma; podemos decir que careciamos n-absoluto de elementos para o estudio da nosa lingua; moi poucos traballos se teñen feito, e os que hai son pequenos apuntes para más amplias investigacións; a gramática de Saco e Arce, ademais de estar esgotada a sua edición, fai máis de medio século que

se escribeu. Por iso a necesidade, sempre grande, d-unha gramática, facíase agora moito maor pol-o rexurdimento do noso idioma e da nosa literatura.

O Sr. Lugrís ven a satisfacer enteiramene esa necesidade. A sua obra, admirablemente editada, é un compreto tratado do idioma, feito de xeito moderno. O estudio da morfoloxía, e sobre todo da sintaxis, dalle unha amplitud que fixa perfectamente a admirable riqueza da nosa lingua; nese estudo atoparán solución cumprida todal-as dubidas que sobre da construción se poidar ter (*ANT*, 134, 5).

O mesmo quincenario voltaría a incluir referencias ou anuncios ao estudo de Lugrís Freire, como o seguinte, publicado uns meses despois:

Este novo libro contén un estudo sintético e integral do noso idioma; e na fonética e morfoloxía resolve todal-as dúbidas en col do emprego das voces. A Sintaxis é compreta e crara, fixando regras seguras para o bon orde das palabras na oración (*ANT*, 167, 2)¹⁶.

No entanto, en xeral, a súa publicación, como as doutros traballos da época e anteriores, non chegou ás multitudes a que se refería Rosalía en *Follas Novas*, mais só a reducidos grupos de persoas comprometidas co país ou eruditos. Certo é que determinada sorte de traballos científicos, como ainda hoxe se pode verificar, corresponde a un público lector notablemente pequeno, mais o digno de nota, na nosa opinión, é que unha grande parte de escritores ou de escritoras obviou eses traballos de gramática galega, incluído o do autor mariñán, non facendo excesivo caso ás indicacións que aparecían neles. Como resulta evidente, isto vese explicado polas circunstancias históricas e políticas que condicionan a vida do país na época, pouco ou nada favorábeis á reemerxencia e estudo da lingua galega.

¹⁶ Véxase tamén outros anuncios en *ANT*, 168, 2 ou *ANT*, 169, 7. Por súa vez, a segunda edición da *Gramática* contou, igualmente, con certa publicidade: *ANT*, 288, 7; *ANT*, 292, 3; etc. Mesmo, conforme indica Fernández Costas (2006: 44), cando sae do prelo a nova versión “Antón Vilar Ponte xa loará a obra como algo que todo nacionalista debe apoiar e acoller con agrado”. A respecto da segunda edición, afirma este mesmo estudioso que consegue “unha rápida difusión e aceptación, pois son varias as institucións, alleas ao país, que a reclaman para integrala nos seus fondos” (Fernández Costas 2006: 54).

6. Aditamentos

Aliás, unha das cousas que máis chama a atención ao público lector de hoxe en día da nosa tradición gramatical, en xeral, e da obra de Lugrís Freire en particular, está directamente relacionada con determinados capítulos ou apartados que actualmente non costuman figurar neste tipo de traballos. De feito, as primeiras gramáticas que non inclúen nada que non estea directamente relacionado coa descripción lingüística son os traballos da década de 80 do pasado século, que prescinden totalmente de certos acrecentamentos, tales como os nomes dos días da semana, dos meses do ano, certas escolmas literarias, vocabularios de diversa índole etc.

Mais o feito de que aparezan escolmas poéticas, tabelas con nomes galegos cos seus correspondentes españois, os días da semana ou dos meses ou inclusivamente louvábeis mais artesanais vocabularios como anexos ás gramáticas, está, hoxe en día, tan fóra de lugar como se nunha obra moderna desas características se eliminase o capítulo dedicado ao verbo, ao nome, ao CI etc. Máis unha vez, ese carácter miscelánico é explicábel polas circunstancias históricas que determinaron a redacción e a preparación lingüística dos autores, non se perpetuando nos nosos días, pois as obras modernas actuais, desde a década de 80 do pasado século, xa non incorporan esas partes. Non aconteceu así, como indicabamos, cos outros textos do século XIX ou do XX, incluído o de Lugrís Freire. En todos eles parece que se pretende proporcionar, segundo o noso punto de vista, unha perspectiva da lingua más ampla para alén da estritamente lingüística, talvez coa vontade de ilustraren, exemplificaren ou dignificaren aquilo que se pretendía describir.

No século XIX, por exemplo, o título completo do *Compendio* de Mirás (1864) fala xa de si propio e indica o que se inclúe na obra: *Compendio de gramática gallega-castellana, con un vocabulario de nombres y versos gallegos y su correspondencia castellana, precedido de unos diálogos sobre diferentes temas. Un grandioso poema de 100 octavas titulado "La creación y la redención. Un extracto de Fábulas de los mejores fabulistas así como algunas del autor.* Mesmo Saco Arce (1868) non foi alleo á incorporación de aditamentos á súa gramática, aínda que esta sexa, en rigor, a primeira obra realizada con seriedade sobre a nosa lingua. Deste modo, no apartado dos “Apéndices” figuran unha selección de refráns galegos e unha serie de textos literarios dos autores da altura, tales como Rosalía de Castro, Eduardo Pondal, Alberto Camino, Xoán Manuel Pintos, Marcial Valladares etc.

Deste xeito, Manuel Lugrís Freire non dubidou en incorporar á súa *Gramática do idioma galego* unha serie de “Aditamentos” (1931: 113-120), unhas “Mostras literarias” (1931: 121-136) e mesmo un “Vocabulario galego-castelán” (1931: 137-184), como el propio indica ao comezo da obra:

Esta obra leva como aditamentos os nomes das persoas, toponimia, meses e días, denominación dos ventos, táboa de castelanismos, mostras literarias e vocabulario galego-castelán (capa da *Gramática do idioma galego*).

En xeral, tales incorporacións, que, segundo Fernández Salgado (2000: 138), son tamén debedoras de como percibe Lugrís Freire (e os seus antecesores decimonónicos) o concepto de gramática, “no sentido práctico e pedagóxico de análise lingüística de textos”, mereceron certa sorte de aplausos na altura, cando menos por parte das persoas involucradas na rexeneración do idioma. No xa referido artigo “Unha obra de gran interés”, lóuvase, precisamente, esta circunstancia:

A obra leva tamén moitos e interesantísimos aditamentos, entre eles unhas táboas de modismos, de nomes de persoas, toponimia, denominación dos ventos, meses e días, táboas de castelanismos, mostras literarias, e, sobre todo, un vocabulario galego castelán; moi esolleito e de moitas verbas.

Este vocabulario non leva as verbas que se escriben o mesmo en galego que en castelán, sinón aquelas que teñen unha grande diferenza; por eso é de gran importancia e ven a satisfacer con ventaxa a urxentísima necesidade que se sinte d-un diccionario galego castelán manuabre (*ANT*, 134, 5).

Así pois, chegados a este punto, imos concluir este breve percurso pola obra de Lugrís expóndomos un acaído exemplo das incorporacións que vai servir, igualmente, para incidirmos, máis unha vez, na vontade prescritiva da obra antes comentada. Na sección intitulada “Aditamentos” figura un apartado, baixo a epígrafe “Castelanismos”, destinado a emendar erros que, segundo o escritor das Mariñas, constituían españolismos na nosa lingua. A primeira escolla que ofrecemos, (1), permite, pois, repararmos en que ese léxico ten procedencia foránea e que, asisadamente, Lugrís Freire o identifica como tal coa firme ansia de o desterrar; contrastivamente, a segunda mostra que incluímos, (2), aínda a manter esa congruente vontade de eliminar as formas españolas, permite tamén intuírmos que o nivel de coñecementos sobre o galego na época estaba, aínda, praticamente en estado embrionario, xa que

identifica como léxico proveniente do castelán palabras existentes no galego mais coincidentes, por cuestiós de evolución histórica, con esta lingua:

(1)

FE	FG ¹
auntamento	concello
cascabel	axóuxere
codo	cóbado
Dios	Deus
sartén	tixola
parexa	parella

(2)

FE	FG
fogar	lar
acendido ²	aceso
brillo	centilación
encontrar	achar, atopar
excepto ³	agás
Neste momento	arastora

7. Coda

Moito más se podería expor aquí para nos aproximarmos da *Gramática do idioma galego* de Manuel Lugrís Freire, a primeira obra destas características redixida integralmente na nosa lingua. O feito de escollermos estes aspectos e non outros para os comentarmos nas páxinas precedentes tencionou un achegamento englobado no contexto da tradición gramatical galega a que pertence o texto do polígrafo das Mariñas, un percurso filolóxico que contaba tan só, en 1922, en que sae na súa primeira edición a *Gramática*, con sesenta anos escasos desde que foron publicados os contributos de Mirás, Saco Arce e Cuveiro Piñol. E como produto dun tempo e

Notas

- 1 Enténdase FE = Forma de orixe española e FG = Forma galega.
- 2 No orixinal, *acendido*
- 3 No texto de Lugrís Freire, *excepto*.

dunhas circunstancias particulares, o traballo de Lugrís Freire é debedor deses textos anteriores, nomeadamente do de Saco Arce, cuestión que leva sido sinalada pola literatura lingüística actual en varias ocasións.

Mais, con independencia da súa inspiración no contributo de Saco Arce, da súa constante comparación co español (práctica habitual noutros textos da altura), da súa acertada ou inacuída percepción do fenómeno lingüístico galego ou do acrecentamento de partes completamente alleas á reflexión gramatical, o labor como gramático de Manuel Lugrís Freire debe ser sobranceado e comprendido no seu contexto, máxime a termos en conta que se trata da primera gramática do século XX con vontade de o ser. Os outros traballos do primeiro terzo dessa centuria ou ben respondían a apresados compendios ou ben a estudos miscelánicos de contido diverso, mesmo algúin dando notábeis mostras, como é o caso do texto de José de Santiago Gómez, de estar absolutamente descontextualizado e fóra de lugar.

Aínda que desde a actualidade se non pode estar de acordo con determinados criterios que guiaron a elaboración da *Gramática do idioma galego* de Manuel Lugrís Freire, e mesmo a sabéndomos moito superada polos títulos más recentes, o cal é produto dunha preparación lingüística por parte dos autores ou das autoras que non se puidera dar antes, coidamos que non se debe renunciar a ese legado, por irrelevante que parecer. Tanto esta obra como as que enforman a tradición grammatical galega clásica foron as primeiras tentativas de estudaren o galego, e non se podería ter presentemente o grao de coñecementos existentes se antes non houbese persoas como Cuveiro Piñol, Saco Arce, Leandro Carré Alvarellos, Marcial Valladares, José de Santiago Gómez, ou, con certeza, Manuel Lugrís Freire, persoas que se ocuparon de describir, con pouco ou con grande acerto, o noso idioma.

Bibliografía citada

AGA = (1999): *A Gaita Gallega. Repinica muiñeiras, alboradas e fandangos, unha vez 'o mes*. Reproducción facsimilada dos números aparecidos na Habana entre 1885 e 1889 (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia / Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades).

ANT = (1989): *A Nosa Terra. Idearium das Irmandades da Fala*. Reproducción facsimilada (A Laracha / A Coruña: Xuntanza Editorial).

- Carballo Calero, R. (1979) [1966]: *Gramática elemental del gallego común* (Vigo: Galaxia).
- Carré Alvarellos, L. (1967): *Gramática gallega* (A Cruña: Editorial Moret).
- Cornu, J. (1906): “Morfología del gallego moderno” [traducción realizada por Martínez Morás da parte correspondente ao Apéndice á Morfoloxía do Portugués que aparece na segunda edición da *Grammatik der Portugiesischen Sprache*], *Boletín de la Real Academia Gallega*, 1: 7-9.
- CPG = Pérez Ballesteros, J. (ed.) (1979) [reproducción facsimilada da edición de 1885-1986]: *Cancionero popular gallego y en particular de la provincia de la Coruña por José Pérez Ballesteros. Con un prólogo del ilustre mitógrafo portugués Theóphilo Braga*. 3 Volumes. (Madrid: Akal).
- Cuveiro Piñol, J. (1868): *El habla gallega. Observaciones y datos sobre su origen y vicisitudes* (Pontevedra: Imprenta de José Antúnez y Cía).
- Fernández Costas, X. M. (2006): *Manuel Lugrís Freire: a fe na causa* (A Coruña: Baía Edicións).
- Fernández Salgado, B. (2000): *Os rudimentos da lingüística galega. Un estudio de textos lingüísticos galegos de principios do século XX (1913-1936)*. Anexo 47 de *Verba* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).
- FN= Castro, Rosalía de (1982) [reimpresión facsimilada da edición de 1880]: *Follas Novas* (A Coruña: Ediciós do Castro / Moret / Real Academia Galega).
- Freixeiro Mato, X. R. / Sánchez Rei, X. M. / Sanmartín Rei, G. (2005): *A lingua literaria galega no século XIX* (A Coruña: Universidade da Coruña).
- Hermida, C. (1992): *A reivindicación da lingua galega no rexurdimento (1840-1891). Escolma de textos* (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega).
- López, T. (1991): *Névoas de antano. Ecos dos cancioneiros galego-portugueses no século XIX* (Santiago de Compostela: Laioveneto).
- Martínez González, M. (1883): *Poemas gallegos seguidos d'un tratado sobr'o modo de falar é escribir con propiedade ó dialeuto* (Pontevedra: Tipografía de José M. Madrigal).
- Mirás, F. (1864): *Compendio de gramática gallega-castellana* (Santiago de Compostela: Imprenta del Seminario Conciliar Central).
- R. A. [= Ramón Alvariño, pseudónimo de Leandro Carré Alvarellos] (1919): *Compendio de gramática galega* (A Cruña: Imprenta Nova).
- Rabuñal, H. (2006): *Manuel Lugrís Freire* (Vigo: A Nosa Terra).
- Saco Arce, J. A. (1868): *Gramática Gallega* (Lugo: Imprenta de Soto Freire).
- Sánchez Rei, X. M. (2005): “Trazos xerais da tradición grammatical galega”, *Revista Galega de Filoloxía*, 6: 93-121.
- Santamarina, A. (1974): “Gramática”, en *Gran Enciclopedia Gallega*. Vol. XVI: 191-195 (Santiago de Compostela / Xixón: Silverio Cañada Editor).
- Santiago Gómez, J. de (1918): *Filología de la lengua gallega* (Santiago de Compostela: Tipografía de “El Eco Franciscano”).
- Vaamonde Lores, F. (1898): *Resumo da Historia de Galicia* (A Coruña: Carré).
- Valladares, M. (1970) [redixida en 1892]: *Elementos de gramática gallega* (Vigo: Galaxia).
- Vasconcellos, J. Leite de (1928): *Opúsculos. II. Dialectología* (Coimbra: Imprensa da Universidade).